



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Prevenção e Xestión de Riscos Laborais II		Código	660G01024
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Coruña)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Villarroya López, Alberto	Correo electrónico	alberto.villarroya@udc.es	
Profesorado	Villarroya López, Alberto	Correo electrónico	alberto.villarroya@udc.es	
Web	www.erlac.es			
Descrición xeral	Proporcionar unha visión completa e actualizada sobre as condicións de traballo e os aspectos técnicos das distintas especialidades da prevención de riscos laborais na empresa e a súa influencia sobre o individuo.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Marco normativo regulador das relacións laborais.
A2	Marco normativo regulador da Seguridade Social e da protección social complementaria.
A3	Saúde laboral e prevención de riscos laborais.
A5	Políticas sociolaborais.
A14	Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.
A22	Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B9	Traballo en equipos.
B12	Motivación para a calidade.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Marco normativo regulador das relacións laborais		A1	
Saúde laboral e prevención de riscos laborais.		A2	
Seleccionar e xestionar información e documentación laboral		A3	
Planificación e deseño, asesoramento e xestión dos sistemas de prevención de riscos laborais		A5	
Aplicar os coñecementos á práctica		A14	
Resolución de problemas.		A22	
Capacidade de análise e síntese		A31	
Capacidade de organización e planificación.			B1
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional			B2
Traballo en equipos.			B3
Motivación para a calidade.			B9
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			B12
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7



Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.

B6

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1.- Economía da prevención.	Estadísticas de siniestralidade. Xustificación da prevención. Custo dos accidentes e clasificación. Métodos de análise de custos.
TEMA 2.- Seguridade no traballo.	Requisitos mínimos do lugar de traballo. Orde e limpeza. Material e locais de primeiros auxilios. Normas de seguridade. Sinalización de seguridade. Normativa legal.
TEMA 3.- Hixiene industrial I.	A enfermidade profesional. Protocolos médicos. A hixiene do traballo. Axentes químicos e biolóxicos. Metodoloxía de actuación.
TEMA 4.- Hixiene Industrial II.	Ruido. Vibracións. Ambiente termohigrométrico. Radiacións. Características xerais. Avaliación e normativa legal. Métodos de control do risco.
TEMA 5.- Ergonomía I.	Concepto de ergonomía. Análise e deseño dos postos de traballo. Carga de traballo. Metodoloxías operativas. Confort térmico. Iluminación.
TEMA 6.- Ergonomía II.	Manipulación manual de cargas. Pantallas de visualización de datos. Posturas forzadas. Movementos repetitivos. Normativa legal.
TEMA 7.- Psicosocioloxía aplicada.	Risco psicosocial. Factores e repercusións sobre a saúde. Estrés laboral. Mobbing. Metodoloxías preventivas.
TEMA 8.- O sistema de xestión de prevención.	Documentación. Manual e Procedementos. Rexistros e arquivos. Control de actuacións: auditorias.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A14 B9	21	35	56
Estudo de casos	A3 A22 A31 B1 B2 B12	21	42	63
Proba obxectiva	A5 B3 B6 C7	2	25	27
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Clases expositivas con apoio de medios audiovisuais e intervención directa do alumnado. Poderán complementarse con actividades semellantes como a asistencia a Congresos, conferencias do ISSGA, seminarios organizados polo centro ou outras actividades indicadas polo profesor.
Estudo de casos	Análise de casos (supostos prácticos) como complemento dos contidos teóricos expostos nas sesións maxistras, con inclusión de casuísticas actuais relacionadas cos riscos laborais. Os traballos se realizarán exclusivamente de xeito individual para proceder á súa avaliación.
Proba obxectiva	Exame final onde o alumno reflicte os coñecementos adquiridos na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos Sesión maxistral	<p>Nas sesións maxistrais expóranse situacións concretas sobre a prevención dos riscos laborais, incitando ao debate activo e dinámico das distintas propostas que os alumnos vaian expoñendo, co obxectivo de alcanzar conclusións sobre as cuestións expostas. A exposición dos contidos realizarase con aplicación de medios audiovisuais.</p> <p>Durante as clases analizaranse aspectos normativos sobre a lexislación laboral en materia de prevención de riscos para conseguir que o alumno estableza os seus propios criterios de valoración e interpretación da normativa. Tras as sesións maxistrais, celebrarase asemade tutorías personalizadas para aqueles alumnos que o requiran.</p> <p>No estudo de casos prácticos analizaranse supostos prácticos como complemento dos contidos teóricos expostos nas sesións maxistrais. Durante as prácticas o profesor atenderá persoalmente as dúbidas dos alumnos.</p>
-------------------------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A3 A22 A31 B1 B2 B12	Valoración das achegas individuais dos estudantes tras a realización dos casos prácticos propostos.	40
Proba obxectiva	A5 B3 B6 C7	Proba escrita individual sobre o coñecemento adquirido polo alumno dos contidos da materia, tanto na modalidade tipo test como nas preguntas a desenrolar.	60

Observacións avaliación
<p>A parte práctica da asignatura ("Estudo de casos") supón o 40% da nota final, mentres que a parte teórica ("Proba obxectiva") supón o 60% da nota final (Preguntas de Desenrolo 40%, Preguntas tipo Test 20%). Para que se sumen as diferentes metodoloxías, de cara a obter unha nota media final, será imprescindible obter o 50% da cualificación correspondente a cada un dos apartados a avaliar ("Estudo de casos" e as preguntas de desenrolo da "Proba obxectiva").</p> <p>Para poder ter acceso á Avaliación Continua é requisito indispensable a asistencia ás clases da materia, actuando como interruptor para a avaliación a ausencia a máis de 3 clases sen xustificación. Para o control de asistencia utilizaranse os medios ao dispor do profesorado e do alumnado e, especialmente, o sistema establecido no Moodle.</p> <p>Respecto á parte práctica da asignatura ("Estudo de casos"), compre indicar que os alumnos que acaden o 50% da cualificación correspondente quedarán exentos de examinarse de dita parte na proba obxectiva correspondente á convocatoria ordinaria ou, no seu caso, na oportunidade de Xullo.</p> <p>De non conseguir o mínimo esixido nalgunha das metodoloxías ao término da convocatoria ordinaria, o alumno non superará a materia. Neste caso, a avaliación constará suspensa, podendo volver a examinarse na oportunidade de Xullo, onde a metodoloxía de avaliación consistirá nunha única proba obxectiva (dividida en dúas partes, "Proba obxectiva" e "Estudo de casos") cun valor total do 100 % da cualificación final.</p> <p>Aqueles alumnos que non poida facer un normal seguimento da asignatura, por ter recoñecida a Dispensa de Docencia, poderán optar por examinarse do 100% da súa cualificación por medio dunha proba obxectiva final durante os periodos de avaliación oficialmente establecidos. De non conseguir o 50% do total da nota nesa proba, a avaliación constará suspensa na convocatoria ordinaria e poderá volver examinarse na oportunidade de Xullo, onde a metodoloxía de avaliación será unha única proba obxectiva (dividida en dúas partes, "Proba obxectiva" e "Estudo de casos") por valor do 100% da cualificación.</p> <p>Se solicitan dispensa, todos os alumnos farán constar ao profesor mediante email ou de forma visible na súa ficha de alumno e se ésta se lles concedeu, debendo consignar nese caso se optan por AVALIACIÓN CONTINUA ou PROBA OBXECTIVA FINAL. O alumnado non poderá ser avaliado simultaneamente por avaliación continua e por proba obxectiva final. De non constar expresamente, ou non entregar a ficha nos quince días posteriores ao comezo do curso académico, entenderase que optan pola PROBA OBXECTIVA FINAL. A elección é definitiva e irreversible para a convocatoria en curso.</p> <p>As adaptacións curriculares para estudantes con discapacidade ou con necesidades educativas específicas serán pautadas pola Comisión de docencia do centro, previo informe do servizo de orientación e prácticas.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- José Luis LLORCA RUBIO, Yolanda LOZANO CÁDIZ, Antonio MORENO MARTÍNEZ, M^a Carmen SALCEDO BELTRÁN (2012). Prevención de riesgos laborales: Instrumentos de aplicación. Tirant Lo Blanch</p> <p>- LÓPEZ GANDÍA, Juan; BLASCO LAHOZ, Jose Francisco (2015). Curso de Prevención de Riesgos Laborales. Tirant Lo Blanch</p> <p>- Isabel M^a MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Antonio CARDONA LLORENS, Raúl CHILET PÉREZ, Guillermo GARCÍA GONZÁLEZ (2013). Casos prácticos de prevención de riesgos laborales. Tirant Lo Blanch</p> <p>- Sonia CIENFUEGOS GAYO, Yolanda MILLAS ALONSO (2019). Seguridad y salud en el trabajo para PYMES según la Norma ISO 45001. AENOR</p> <p>A bibliografía anterior se atopa dispoñible na BIBLIOTECA VIRTUAL DO CENTRO á que podes acceder coas túas claves no seguinte enlace: http://www.erlac.es/es/estudiantes-acceso/</p>
Bibliografía complementaria	<p>Cortés Díaz, José María. 2012. Técnicas de prevención de riesgos laborales. Ed. Tebar. Espeso Santiago, José Avelino. 2009. Manual para la formación de técnicos en prevención de riesgos laborales. Ed. Lex Nova. García Segura, Vicente. 2015. Ergonomía y psicología aplicada. IC Editorial. Gutiérrez, Juan M. 2001. Ergonomía y psicología en la empresa. Ed. Cis Praxis, S.A. Llana Álvarez, Francisco J. 2016. Ergonomía y psicología aplicada. Editorial Lex Nova. Menéndez Díaz, Faustino. 2009. Higiene Industrial: manual para la formación del especialista. Ed. Lex Nova. Monereo Pérez, José L. 2015. Tratado de prevención de riesgos laborales. Ed. Tecnos.</p> <p>Webgrafía B.O.E. Legislación sobre seguridad y salud en el trabajo. http://boe.es/legislacion/codigos/codigo.php?id=037_Prevencion_de_riesgos_laborales&modo=1 Instituto Nacional de Seguridad y Salud en el Trabajo. www.insst.es. Ministerio de Empleo y Seguridad Social. www.empleo.gob.es. Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral. www.issga.es. Agencia Europea de Seguridad y Salud en el Trabajo. www.osha.europa.eu. Comisión Europea. http://ec.europa.eu/index_es.htm Organización Internacional del Trabajo. www.ilo.org Organización Mundial de la Salud. www.who.int</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito do Traballo I/660G01011

Dereito do Traballo II/660G01012

Dereito da Seguridade Social I/660G01021

Prevención e Xestión de Riscos Laborais I/660G01023

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito da Seguridade Social II/660G01022

Materias que continúan o temario

Observacións

A lexislación en materia de prevención de riscos laborais é moi cambiante, polo que a avaliación da asignatura farase dacordo coa normativa legal vixente en cada momento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías